

# ***SAÍDA DIDÁCTICA AO CASTRO DE CAMEIXA (BOBORÁS)***

***ALUMNADO DE 1º ESO  
DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA  
IES CHAMOSO LAMAS  
MÉRCORES 26 DE OUTUBRO***

***O día 26 de Outubro o alumnado de 1º da ESO realizou unha visita guiada ao Castro de Cameixa no veciño Concello de Boborás***



***O Mestre de cerimoniais foi o amigo e arqueólogo Jorge Lamas Bértolo quen nos ilustrou sobre os pormenores materiais e inmateriais do Castro e os achádegos resultantes das derradeiras campañas de escavación***



***A pesar do día chuvioso e algo desapacible o alumnado atendeu con curiosidade e algúns rapaces e rapazas quedaron abraiados do que alí se leva atopado...***



***Puideron contemplar as diferentes estruturas arquitectónicas superpostas ao longo da súa dilatada historia e ata comprobaron in situ as labouras metalúrxicas que alí se desenvolvían...***



***Dende o Departamento de Xeografía e Historia queremos incidir nesta modalidade de práctica docente sumamente necesaria e complementaria co día a día na aula...***



***Moitísimas grazas amigo Jorge pola entrega do teu tempo a unha causa tan nobre e gratificante...Ensinar in situ***

